



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Asunto: AMPLIACIÓN DE ATRIBUCIONES DELEGADAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Expediente nº 2023/G003/000651

Logo de ver a constitución da nova Corporación, en sesión especial que tivo lugar o 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións municipais celebradas o 28 de maio, así como a Resolución da Alcaldía núm. 552/2023, na que se procede ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e se delegan pola Alcaldía atribucións,

Tendo en conta, que o citado órgano ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas funcións, así como aquelas outras que lle deleguen o Pleno ou o alcalde ou lle atribúan as leis.

Tendo en conta as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co disposto nos artigos 43.2, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con esta data Pola presente RESOLVO:

Primeiro.- Ampliar as atribucións delegadas á Xunta de Goberno local na Resolución da Alcaldía núm. 552/2023, asumindo tamén as seguintes:

- 1.- O outorgamento das licenzas ou autorizacións, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.
- 2.- As altas e baixas no padrón do Servizo de Axuda no Fogar.
- 3.- Iniciación e resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.
- 4.- Iniciación e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial.

Sen perxuício do anterior, a Alcaldía resérvase a avocación daqueles asunto que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

Segundo.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, correspondendo así ao órgano delegante (a Alcaldía) a resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións conferidas por delegación.

Terceiro.- Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello e dar conta desta Resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Laxe, *documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe.*

O alcalde, José Luis Pérez Añón

O secretario-intervetor acumulado, Francisco Javier Novoa Juiz